

Sen embargo, a realidade crua do labrego é ben diferente:

*«Pero teño unha casa batida
De todol-os aires, e soia, e sin
leiras;
sin cabozo, e sin rego, e sin fonte,
sin pinos, nin teixos, nin aira
siquera;
N-un campiro onde n'hai mais que
cardos ;»(..)*

Esta mesma situación de desamparo da xente pobre resume-a esta tríada de versos:

*«¡Que xistra corre, Dios mío!
¡E no-hai casiña cuberta,
Y-estou mortíña de frío!».*

Mais Leiras non fica na mera descrición dunha situación social inxusta, senón que delimita responsábeis (caciques e cregos) e ataca-os sen piedade na sua poesía:

*«Os nosos álamos mouros,
Que tanto sempre aparentan
Pr'os que ben non-os conozan,
Como de lonxe se vexan,
Ôs maldizoados caciques
En moitas cousas semellan.
Com'eles, si en bon tarrón
Certan zugar, logo medran;
Com-eles, rumban erguidos
Mentral-as rachas no-arrecian;
Com-eles, nunca dan nada
Que de proveito á alguén seña;
E com'eles, soilo mortos
Valen de algo pr'a terra;
Pois valen... o que lle vale
A pouca cinza que deixan.»*

Especialmente duros son os ataques aos elementos do estamento eclesiástico, alcuñados por Leiras como «corvos das ideas» ou «limachas mouras» e acusados polo noso poeta de seren causantes de moitas das estreiteces e misérias do pobo. Non estraña, pois, que Leiras faga chamamentos como este:

*«Cando na porta te atopas
Con frades que anden de queta,
Ceiva o chito, si é que traba,
E a vaca, si turra, ceiva.»*

Mais a lira pulpeiriana tamén coñece a ternura e tamén xoga cos elementos naturais para expresar sentimentos amo-

MANUEL LEIRAS PULPEIRO

OBRAS COMPLETAS

Tomo I ❖❖❖ (Poesías)



1930 - VOLUME XXXII
"NÓS" PUBLICAZÓNS GALEGAS E IMPRENTA
Linares Rivas, 50 - A CRUÑA

**Portada da edición da obra de
Leiras Pulpeiro, preparada,
seguramente, por Antón Villar
Ponte para a Edición "NÓS"**

rosos, conectando así á perfeición coa propia lírica tradicional popular, sustrato esencial da sua obra. A delicadeza no amor expresa-se nestas coplas, por exemplo:

*«Cal as ondiñas do mare
Morren bicando n-a area,
Así, amantiña, contigo,
Así, finarme eu quixera!».*

*«Ó pé d'un toxo que fora,
Sendo contigo, velliña,
N'ó monte, com'a laberca,
Mañán o niño eu faría.»*

*«Com'o paxaro n-o niño,
Com'a troita n-o remanso,
Así me tes, miña nena,
Cando te teño ô meu lado.»*

*«¡Quen fora reichiño ruibo
Pra cantar n'a tua figueira,
Pra non salir do teu horto
Y-aniñar n-a tua silveira!».*

O desamor tamén pode expresar-se mediante a comparación baseada en fenómenos e manifestacións da natureza:

*«Todo frolece no Mayo,
Todo co Mayo se alegra,
Non sendo eu, malpocadiña,*

Que un meu pesar non me deixa!».

*«Déuma unha rapaza, e calo,
que no-han salir todas boas;
Tamén ô raposo ás veces,
lle sal a galiña choca.»*

*«Non me espiñes, non, toxiño,
que abondo espiñado teño
este meu corazónciño!».*

*«Nunca páxaro fuxido
Tornou de seu pra a gayola;
Nin á unha nena qu'eu quixen
ll'hei roldar eu maila porta.»*

Algunhas das cantigas compostas por Leiras Pulpeiro tocan de cheo a cuestión das condutas morais, e neste senso un dos alvos preferidos é a rapariga alegre e desenfadada, a quen se lle aplican ditos como estes:

*«O querer d'as festexeras
Fai com'a frol do guindeiro,
Que cando mais ten de dura,
Dura dous días e medio.»*

*«Troita que moito se amosa,
Logo vai dar á tixela;
Olla o que fas, rapaciña,
Que andas d'a feira pra a festa.»*

*«Cereixa que en pola baixa,
Y-ô pé d'un camiño esteña,
Non se veu nunca en ningures
que tarden moito en comela.»*

*«Andas com'as cabras ceivas
Eiquí chouto, aló me deito..»*

Hai en Leiras, curiosamente, algúns poemas moi na liña evocativa de infancia feliz rodeada de paraxes naturais amenas que atopamos na poesía de Añón (ver Cerna, nº8). Valla como exemplo este fragmento:

*«¿Acórdaste d'a tardiña
Que pasamos na fervenza?..
Inda vexo aquil cachopo
Ramalludo, que, â man dreita,
Nos cubría e nos gardaba
D'a xente qu'iba pr'á festa!..
¡Inda sinto eu a lentura
Do molido de folgueiras,
Que, pra sentarnos, tivemos
N-aquela bouza costenta!».*

Pola poesía titulada «O Galo», que fixo a Leiras merecente do premio no Certame de Vigo no ano 1910, sabemos

da celebración en terras do Masma da-denigrada «corrida do galo», costume que no poema citado serve de excusa para o enfrontamento violento entre os mozos de dúas aldeas veciñas e rivais.

Foi Leiras Pulpeiro, pois, un poeta especialmente vencellado á natureza, presente de cote nos seus versos ben como tema central, ben como elemento de referencia ou comparación de canta materia abordase nas composicións, fose esta a vivencia do amor, a denuncia social, o ataque aos opresores, a expresión das vontades íntimas, etc. Neste senso, cabe dicir que Leiras pediu en verso que sobre a súa sepultura houbese de cote «Roseiras de rosas roxas,/Ben roxas, com'as qu'eu cuido/ Con amor n-a miña horta..» e deixou expresado deste xeito tan ecoloxista (nun poema escrito no 1904) o ideal natural da fraternidade humana e da tolerancia nos que tanto acreditou:

«Danse ô pé d'os toxos bravos
As margaridas sinxelas;
Entre espiñosas xibardas
O cabrinfollo frolea;
Y-o fero acibro y-a abrula
Xuntos n-os cómaros medran
¿Cando us pr'os outrol-os homes
Seremos d'esa maneira?» ■

(ven da páxina 31, Roque Carús...)

galego na súa época; como labor de afeizoados, fronte a ausencia de institucións axeitadas que propiciaran a necesaria evolución desde o empirismo a bioloxía mariña. Ademais, o texto debe valorar-se partindo do seu carácter divulgativo, que exige unha exposición menos rigorosa e precisa; en todo caso, era unha obra que reflexaba e favorecía o interese crescente polo contacto e coñecemento da natureza. ■

BIBLIOGRAFIA

CARUS FALCON, R. (1900). *Monografía sobre la remolacha azucarera*. A Coruña, Vda de Ferrer.

(1903) *Los misterios de la naturaleza. Investigaciones sobre el microplakton de la Ria de Arosa*. A Coruña, Impr. Ferrer, 175 pp, XIV lms.

FRAGA VAZQUEZ, X.A. (1993). Carús Falcón, Roque. In Fraga Vázquez & Mato Domínguez. *Diccionario Histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia*. Autores, 1868-1936, 63-64. O Castro-Sada (A Coruña). Publicacións do seminario de Estudos Galegos.

Colección BAHIA VERDE

O papel da natureza.

LIBROS PARA AMAR O PARAÍSO



Guía das Aves de Galicia

Carlos Pedreira, X.M. Penas Patiño e Carlos Silvar

Baldaio: Espazo Natural Protexido

Vários autores

O Forgoselo

Carlos Vales Vázquez

Guía didáctica de fungos e cogumelos de Galicia

Charo Gómez, Alberto Franco

Fkira e Vexetación de Galicia

Varios autores (en preparación)



BAHIA
EDICIONES

PÍDEOS NA TÚA LIBRERÍA

Teléfono (981) 28 81 25

VELOCIPEDO

BICICLETAS DE MONTAÑA E COMPETICIÓN A MEDIDA

Rúa S. Pedro, 23 - SANTIAGO

CUATRO VIENTOS

Cociña Caseira

Santa Cristina, 19
Tfno. 57 17 42
15704 SANTIAGO

